



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| USG13I00EF                                                                         | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S5O 06ND                                                           |                      |

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 25 DE ABRIL DE 2019.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e cinco de abril de dous mil dezanove, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

### **Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

D<sup>a</sup> MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL  
D<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE  
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS  
D<sup>a</sup> MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA  
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE  
D<sup>a</sup> MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES  
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA  
D<sup>a</sup>. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

### **Polo Grupo Municipal do PARTIDO POPULAR**

D. ANTONIO CAÑÁS VARELA  
D<sup>a</sup> MARÍA OFELIA RAMOS LUNA  
D<sup>a</sup>. MARÍA NIEVES VÁZQUEZ GRELA  
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

### **Polo Grupo Municipal de ALTERNATIVA DOS VECIÑOS**

D<sup>a</sup> MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA  
D. CARMELO CORTÉS SÁNCHEZ  
D<sup>a</sup>. NURIA CARBALLEDA FEIJOO

### **Polo Grupo Municipal da MAREA VECIÑAL DE CULLEREDO**

D. JOSÉ JUAN SANTOS IGLESIAS  
D. MANUEL ISIDRO TAIBO GAGO

### **Polo GRUPO MIXTO**

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO (BNG)  
D. JESÚS MANUEL VÁZQUEZ LOZANO (CIDADÁNS)

### **Concelleira non adscrita**

D<sup>a</sup>. VERÓNICA RIVADULLA DESCHAMPS

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e da fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| USG13I00EF                                                                         | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S50 06ND                                                           |                      |

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE DATAS 28/03/2019 E 01/04/2019**

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación as actas das sesións ordinaria celebrada en data 28 de marzo de 2019 e extraordinaria celebrada en data 1 de abril de 2019, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións ordinaria celebrada en data 28 de marzo de 2019 e extraordinaria celebrada en data 1 de abril de 2019, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións ordinaria celebrada en data 28 de marzo de 2019 e extraordinaria celebrada en data 1 de abril de 2019.

## **2.- PROPOSTA RELATIVA A RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2019.**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data once de abril de dous mil dezanove, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Contratación na sesión ordinaria de data dezasete de abril de dous mil dezanove, que transcrita literalmente di:

“O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 07 de marzo de 2019, aprobou inicialmente o Orzamento da Entidade para o exercicio de 2019.

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña de 13 de marzo de 2019 publicouse o anuncio da devandita aprobación inicial do orzamento, e da apertura dun prazo de quince días hábiles contados dende a publicación do anuncio durante o que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

O 01 de abril (número de rexistro de entrada no Concello 2019/3454) don José María Suárez Morán presenta unha reclamación para “se recolla especificamente no apartado correspondente e de forma explícita, a cantidade necesaria para o acondicionamento desa vía polos técnicos municipais, nunca menor de 25.000€, coa denominación: Acondicionamento e mellora da accesibilidade da rúa da Fraga en Castro-Laxe, Vilaboa”

O 03 de abril (número de rexistro de entrada no Concello 2019/3701) dona Verónica Rivadulla Deschamps, no seu nome e o de 22 persoas máis, presenta unha reclamación para que se modifique a partida denominada Programa 151 Clasificación económica 60000 Aplicación Orzamentaria: urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Descrición: Inversiones en terrenos. Adquisición de terreos 500,000€, de maneira que se aprobe a inclusión dunha partida co nome Proxecto para iniciar os trámites de contratación dunha empresa auditora nas condicións que establece a Interventora: 35.000€ que permita destinar, como mínimo, dita cantidades dos fondos municipais ao mencionado proxecto.

O 03 de abril (número de rexistro de entrada no Concello 2019/3715) a Asociación de veciños O Noso Burgo presenta unha reclamación “pedindo unha partida presupostaria para facer zonas en todo o concello para que as mascotas (cans) podan facer as súas necesidades sen ter que ir por todos os parques públicos e zonas verdes do concello para cumprir esa necesidade” e que, ante as peticións veciñais por mor de carecer dun ximnasio e dunha piscina climatizada pública, “se aparte unha partida presupostaria para a construción do mesmo” así como que



|                                                                                                                                                             |                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                         | Código do expediente |
| USG13100EF                                                                                                                                                  | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br>013A 2Y5X 7126 4S50 06ND |                      |

"namentras non se fagan as instalacións facer por parte do concello un tratado con piscinas próximas tanto sexan públicas ou privadas para que os nosos veíños non se vexan privados de facer este deporte"

O 02 de abril no Rexistro da delegación da Axencia Tributaria de Galicia (entrada no concello o 05 de abril, número de rexistro de entrada no Concello 2019/3865), dona Alba Pérez Barros presenta unha reclamación solicitando "a revogación do acordo de aprobación inicial do mesmo e a elaboración dun novo orzamento de acordo co exposto nas alegacións", que en síntese son

- o que non existe no orzamento ningunha partida orzamentaria que contemple crédito destinado ao debido cumprimento de dispoñer de cemiterio para o Concello.
- o que non se especifica no orzamento ningunha partida para facer un estudo de necesidades de mercados municipais e das zonas nas que este tipo de servizo sería máis útil e viable a día de hoxe.

Vistos os informes que constan no expediente, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1 Rexeitar as alegacións presentadas:
  - 1.1 As presentadas por don José María Suárez Morán, posto que non se fundamentan en ningún dos motivos legalmente establecidos para que se poidan entablar reclamacións contra a aprobación dos Orzamentos.
  - 1.2 As presentadas por dona Verónica Ridadula Deschamps, no seu nome e no do resto de asinantes das mesmas, porque o Orzamento inicialmente aprobado non omite o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixíbeis á Entidade Local, xa que o gasto solicitado é asumíbel cos créditos inicialmente consignados no mesmo.
  - 1.3 As presentadas pola Asociación de veciños O Noso Burgo posto que non se fundamentan en ningún dos motivos legalmente establecidos para que se poidan entablar reclamacións contra a aprobación dos Orzamentos.
  - 1.4 As presentadas por dona Alba Pérez Barros, no que respecta á construción dun cemiterio posto que o Orzamento municipal non omite o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixíbeis á Entidade Local e en canto á dotación dunha partida para facer un estudo de necesidade e viabilidade dun mercado municipal, posto que non se fundamenta en ningún dos motivos legalmente establecidos para que se poidan entablar reclamacións contra a aprobación dos Orzamentos.
- 2 Aprobar definitivamente o orzamento para o exercicio 2019."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps quen, unha vez concedido, di que o Pleno municipal, no mes anterior, aprobou unha moción para a auditoría pública dos servizos xestionados indirectamente no Concello de Culleredo e que, case ao mesmo tempo, viñan de aprobarse inicialmente os orzamentos municipais para o ano 2019 que loxicamente non prevían o gasto necesario para esta iniciativa polo que, para evitar que a dita proposta poida quedar en "papel mollado" como xa ten pasado en múltiples ocasións, un grupo de persoas e ela mesma alegaron ao proxecto de orzamento para que se tivera en conta esta cuestión; que agora o goberno municipal prefire rexeitar esta alegación baseándose no argumento de que o orzamento aprobado inicialmente non omite o crédito necesario; que é certo que non o omite pero tampouco o consigna claramente e pensa que sería unha boa sinal de cara á transparencia e que, ao negarse, supón unha clara declaración de intencións de opacidade como é habitual no equipo de goberno.



|                                           |                      |
|-------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                       | Código do expediente |
| <b>USG13100EF</b>                         | <b>USG/2019/62</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                      |
|                                           |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S50 06ND                  |                      |

C.I.F. P-1503100-H

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a proposta que se presenta é unha boa mostra do que deron de si os orzamentos participativos pois hai unha xente presentando alegacións por diversos motivos que pensa son por cuestións sensatas, prudentes e que a xente non viu forma de canalizar a través da participación da que fala o goberno municipal ao longo destes anos; que un grupo de veciños e veciñas de Castro e Vilaboa solicitan unha partida expresa para acondicionar un camiño e que todos os membros da Corporación recibiron información puntual e expresa dunha situación que ten derivado en risco para a seguridade pública e para a saúde; que a asociación O Noso Burgo solicita unha piscina e el pensa que ben se podería facer unha partida para un estudo que determinara a súa viabilidade pero que o equipo de goberno nin sequera acepta iso, insistindo tamén nunha rede de pipicans e que é certo que ultimamente se fixeron algunhas instalacións pero polo que se ve parece que a veciñanza entende que as ditas instalacións non son acordes coas necesidades definidas e que reclamaban con insistencia; que todo isto representa un indicio de que o equipo de goberno non escoita e non o está facendo ben, non facendo caso da xente e deixando ver que se trata dun goberno imprudente que vota por solucións sinxelas e baratas tratando de escoller sempre as solucións máis onerosas; que a cidadanía é consciente de que os fondos públicos non son infinitos e que deben ser empregados con rigor polo que non é de recibo que o equipo de goberno non acolla as peticións que se fan; que unha vez máis se reclama unha partida adicada a abordar a construción dun cemiterio, un servizo básico que sen embargo é rexeitado polo equipo de goberno cunha excusa ben peregrina, dicindo o ano pasado a concelleira de Facenda que non había unha parcela ao efecto e que si a había reservada no proxecto do PXOM e que se estaba á espera de completar a tramitación, tendo transcurrido xa un ano e atopándose agora no remate do mandato municipal, no último pleno ordinario, á espera de completar esa tramitación; que o equipo de goberno non deu unha explicación sobre por que o PXOM non se puido traer en todo este tempo cando xa o alcalde anterior, referíndose ao ano 2018, anunciou que se tramitaría antes de final de ano; que sen embargo si foi posible tramitar iniciativas de entidades privadas pois O Casino si foi quen de levar adiante a aprobación dun Plan especial de equipamento en solo rústico e a iniciativa pública foi incapaz de tramitar o PXOM e de levar adiante un plan parcial para poder construír un cemiterio, algo de gran necesidade no Concello; que hai tamén unha iniciativa para facer un estudo sobre a viabilidade de mercados municipais naquelas aglomeracións urbanas onde non chegaron eses servizos polos motivos que sexan e que tampouco esa proposta lle serve ao equipo de goberno, amparándose en barreiras legais para determinar que non teñen a obriga de aceptalas, e xa sen valoralas nin entrar ao fondo da cuestión determinan que non hai obriga de aceptalas, confundindo obrigas con dereitos, preguntando se non é unha mostra de ser bo gobernante escoitar e implicar á veciñanza na elaboración de propostas que impliquen o destino dos fondos públicos, especialmente cando fan propostas tan prudentes; que hai alegacións referentes ao establecemento dunha partida para afrontar o gasto da auditoría solicitada pola interventora e que xa mencionou na súa intervención a Sra. Deschamps; que moita xente comparte a inquietude de que está pasando co control dos servizos públicos que están externalizados, case todos sen contrato en vigor, establecendo a lei que hai que auditar estas situacións e a interventora propuxo que se aplicara a lei para determinar esa situación polo que o equipo de goberno debería concretar unha partida para cumprir con ese fin.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o máis importante do conxunto das alegacións presentadas é que, a pesar do orzamento participativo tan pregonado polo equipo de goberno, en Culleredo ninguén sinte que poida participar con propostas, lembrando ás asociacións no último Consello Sectorial de Participación Cidadá, Cultura e Deportes no que a xente preguntaba e dicía que non sabían a que ían pois saían coa sensación de perder o tempo e sen que lle queden gañas de volver, acudindo por cortesía, por respecto á institución que tan mal representa o equipo de goberno derivando en que a xente utiliza a alternativa de presentar emendas; que el non vai rechazar as emendas que presenta a veciñanza e solicitan do equipo de goberno que renegocie e alomenos acepte algunha das presentadas, motivo polo que non vai votar a favor de aprobar esta proposta.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que o seu grupo dá o seu apoio total ás alegacións presentadas porque aínda que tecnicamente se puideran desestimar por non adaptarse exactamente ao establecido tal como di o informe de



|                                                                                                                                                             |                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                         | Código do expediente |
| USG13100EF                                                                                                                                                  | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br>013A 2Y5X 7126 4S50 06ND |                      |

Intervención que especifica que non está dentro das causas taxadas para a impugnación dun presuposto, o certo é que o orzamento que se presenta non cumpre para nada a transparencia e que xa o dixeron cando se presentou e agora os veciños veñen darlles a razón xa que non se detallan as partidas explicando para que van ser destinadas, repetindo cousas que xa estaban en presupostos anteriores e que non se chegaron a facer; que o equipo de goberno dirá agora que si se van a facer e o dirá sobre todo na campaña pero todo iso será un acto de fe por parte dos veciños pero o seu grupo, á vista dos feitos, non pode crer no que o equipo de goberno di e por iso van votar en contra.

Seguidamente solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que o seu grupo non vai repetir todos os argumentos que deron para votar en contra da aprobación inicial dos presupostos e de forma moi resumida volve a recordar que o seu grupo non cre nestes presupostos visto o nivel de execución que teñen os anteriores; que xa anuncia que van votar en contra e que con respecto ás emendas presentadas, aínda que legalmente poidan ser desestimadas, el anima ao equipo de goberno a que recollan as propostas da veciñanza; que con respecto á primeira emenda, na que se pide a mellora e o acondicionamento da rúa Fraga en Castro-Laxe di que todos os que en Culleredo viven e pasan por alí poden ver que aquilo é tercermundista e precisa dun arranxo importante pois por exemplo un camión de bombeiros é totalmente imposible que entre nesa rúa polo que urxe buscar unha solución; que é consciente de que o equipo de goberno coñece o problema que hai alí e que xa teñen falado con veciños pero hai que buscar unha solución porque non pode ocorrer que haxa rúas no Concello con tantas vivendas e que se atopen nesa situación porque pode haber calquera día un grave problema e o próximo ano, goberne quen goberne, debería terse arraxado esta cuestión; que comparte tamén o dito pola concelleira Sra. Rivadulla Deschamps respecto da necesidade de dotar unha partida para facer a auditoría recomendada por Intervención e que, aínda que xa sabe que o equipo de goberno non está obrigado, non estaría mal que se recollese esta proposta e quedara acordado para quen goberne o ano que vén; que con respecto ás propostas feitas pola asociación de veciños O Noso Burgo di que lle parecen máis que razoables pois teñen moita razón ao dicir que no Concello de Culleredo non hai unha piscina municipal, un ximnasio municipal e ningunha área a día de hoxe para mascotas a pesar de que foron varios os partidos políticos que o levaron no programa.

Intervén o Sr. alcalde e di que a día de hoxe hai xa tres áreas para mascotas funcionando.

Continúa a súa intervención o Sr. Cañas Varela e di que agradece a aclaración pois non sabía que houbera tres áreas para mascotas funcionando a día de hoxe e que, con respecto á alegación sobre construción dun cemiterio municipal, di que lle parece a alegación máis seria pois xa non se trata de que se leve ou non unha partida para esta obra senón que se trata dunha obriga legal para concellos da poboación de Culleredo ter unhas instalacións mortuorias, un cemiterio municipal, supoñendo unha obriga e non algo optativo e que lembra debates sobre este tema no pleno e que se condicionaba á aprobación do PXOM para construílo na zona do Polvorín; que fala de memoria pero lle parece recordar que se falaba de "parque mortuorio" e pregunta se está feita algunha xestión, se se solicitou algunha cesión á propiedade desa parcela, se se pediu prezo, se hai algún escrito remitido ao Ministerio e se hai algunha resposta; que estaría ben sabelo pois remata a lexislatura actual e este tema segue exactamente igual que cando comezou, pendentes dun plan xeral que non se acaba de aprobar e mentres tanto a xente segue a sufrir este problema; que o equipo de goberno decide desestimar estas alegacións e que o seu grupo as apoiaría e trataría de incorporar estas propostas ao orzamento, anunciando que o seu grupo vai tamén votar en contra dos presupostos que o equipo de goberno presenta.

A continuación intervén o Sr. alcalde e di que a proposta está feita e que defenden plenamente os presupostos que presentan; que con algunha das persoas que presentaron alegacións xa se falou e se lles explicou que algunha das cuestións que expoñen xa están previstas e se lles amosaron proxectos relacionados coas alegacións que presentaron e o entenderon perfectamente, aclarando que algúns descoñecían que a presentación de alegacións



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| USG13I00EF                                                                         | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S5O 06ND                                                           |                      |

supoñía un retraso na aprobación definitiva do presuposto e dixeron que non era esa a finalidade que pretendían coa presentación de emendas.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación, de data once de abril de dous mil dezanove, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (once) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Santos Iglesias e Taibo Gago.

Votos en contra: 9 (nove) dos sres/as: Cañas Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Prieto García, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballada Feijoo, Chouciño Garrido e Rivadulla Deschamps.

Abstencións: 1 (unha) do Sr. Vázquez Lozano.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Contratación de data once de abril de dous mil dezanove, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

### **3.- PROPOSTA RELATIVA Á ORGANIZACIÓN E APROBACIÓN DAS BASES DAS RUTAS BARÍTIMAS 2019.**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno o informe-proposta asinado polo concelleiro delegado de Desenvolvemento Socioeconómico, Turismo e Festas, código de documento UFE13I004Y, ditaminado favorablemente na Comisión Informativa de Desenvolvemento Socioeconómico, Turismo e Festas, na sesión de data dezasete de abril de dous mil dezanove, que literalmente di:

"Isabel Buján Bernárdez, xefa de servizo de Dinamización, Formación e Emprego do Concello de Culleredo.

#### **INFORMA**

Visto que o Concello de Culleredo realizou as primeiras Rutas Barítimas no ano 2012 para favorecer a dinamización da hostalaría e restauración local.

Visto que desde o Servizo de dinamización, formación e emprego se considera de alto interese para a dinamización económica local e para o fortalecemento das relacións entre o servizo e os hostaleiros locais a dita actividade.

Visto que este tipo de actividades constitúen un foco de atracción de visitantes doutras zonas, fortalecendo turisticamente o concello,

Visto o potencial hoteleiro e restaurador do Concello de Culleredo.

Visto que a organización do concurso supón un gasto de 2.966,49 euros, e que se conta con crédito suficiente na partida orzamentaria 433-48900 e que se solicitou a retención de crédito correspondente (220190004313); e que se conta con crédito suficiente na partida orzamentaria 433-47900 e que se solicitou a retención de crédito correspondente (220190004312).

Considerando as facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; o R.D.L. 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| USG13I00EF                                                                         | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S5O 06ND                                                           |                      |

local; o R.D. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

## PROPONSE

1. A organización das segundas rutas barítimas do Concello de Culleredo dirixidas a todos os locais de hostalaría que queiran participar no mesmo.
2. A aprobación polo Pleno municipal das seguintes bases para regular a participación dos interesados/as en participar nas rutas barítimas 2019.

## BASES DAS RUTAS BARÍTIMAS 2019

### OBXECTIVOS

Impulsar a promoción do sector hostaleiro do Concello de Culleredo, así como acercar a variedade gastronómica do concello ao público en xeral.

### PARTICIPANTES

Poderán participar todos os establecementos de hostalaría do ámbito municipal de Culleredo.

Os establecementos participantes no concurso obríganse a manter a súa participación durante todos os días da promoción, ofrecendo a tapa elixida para o concurso, salvo os días de peche dos locais. Os establecementos participantes quedan obrigados a acatar as bases do concurso. A organización resolverá calquera incidencia que poida xurdir durante o concurso, e terá plena potestade para a interpretación das presentes bases.

Os concursantes deben de cumprir a normativa legal vixente en materia de seguridade alimentaria en todos os procesos de elaboración das súa propostas.

### INSCRICIÓN

A inscrición será totalmente gratuíta por parte dos establecementos hostaleiros que desexen participar.

- O prazo de inscrición estará aberto ata ao 29 de abril.
- A inscrición realizarase mediante correo electrónico a [turismo@culleredo.es](mailto:turismo@culleredo.es) ou no Centro Municipal "Pablo Picasso", ata as 14:00 h do día 29 de abril.
- Todas as inscricións presentadas fóra de prazo, quedarán fóra do concurso.

### DATAS DE CELEBRACIÓN E RUTAS

As Rutas Barítimas 2019 do Concello de Culleredo celebrarase do 6 ao 12 de maio de 2019.

As Rutas Barítimas serán as tres que deseguido se recollen:

- **RUTA I:** O Burgo e Acea de Ama .
- **RUTA II:** Rutis (Vilaboa, Fonteculler, A Corveira e o Portádego).



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| USG13I00EF                                                                         | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S50 06ND                                                           |                      |

- **RUTA III:** Almeiras, Castelo, Celas, Culleredo, Ledoño, Orro, Sésamo, Sueiro e Veiga.

## TAPAS

Cada establecemento poderá presentarse cunha única tapa que se servirá a un prezo de 1,50 € IVE incluído (consumición aparte).

Só poderán participar as tapas deseñadas e elaboradas especificamente para o concurso, non aceptándose tapas que xa estean en carta ou sexan habituais no establecemento.

No caso de que se presenten a concurso dúas tapas similares, a organización resérvase o dereito de notificar á que se presentou en segundo lugar a necesidade de cambio da mesma.

## COMPOSICIÓN DO XURADO

O sistema de votación constará de dous xurados:

**Xurado popular:** Composto polo público en xeral, que desexe dar a súa valoración, para o que deberá cubrir axeitadamente o cupón, "A mellor tapa, Rutas Barítimas 2019". Para poder entrar no sorteo o cupón deberá ter 3 selos de diferentes locais participantes.

Os cupóns mal cubertos ou inintelixibles quedarán anulados tanto o voto emitido como a participación no sorteo do premio aos clientes.

Os votos depositaranse nas urnas colocadas a ese efecto nos establecementos participantes antes das 24 horas do día 12 de maio de 2019.

Ao cubrir o cupón de voto-sorteo, cada participante outorga o seu consentimento á utilización dos seus datos. O Concello de Culleredo é o Responsable do tratamento dos datos persoais e informar que estes serán tratados de conforme co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (GDPR), coa finalidade para a que foron recabados e conservaranse mentres exista un interese mutuo para manter o fin do tratamento. Poderanse ceder os datos a terceiros por ser necesario para lograr a finalidade do tratamento ou ás autoridades públicas por obrigação legal. Poderase retirar o consentimento en calquera momento, así como exercitar os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos datos, previa acreditación da identidade, na dirección RÚA DO CONCELLO, 12, 15.189 Culleredo. E-mail: [turismo@culleredo.es](mailto:turismo@culleredo.es).

**Xurado profesional:** composto por 3 persoas relacionadas co sector da hostalaría ou a gastronomía, que estarán asistidos tecnicamente por persoal do Concello. O persoal municipal en ningún caso poderá facer valoración algunha sobre as tapas. O xurado profesional será o encargado de ditaminar "As tres mellores tapas, Rutas Barítimas 2019", unha por cada ruta barítima. Dito xurado escollerá entre os 5 establecementos hostaleiros, elixidos polo xurado popular de cada unha das rutas.

O xurado profesional, visitará os establecementos participantes (previo aviso) na semana seguinte á finalización das Rutas Barítimas, sendo o seu fallo inapelable. Os membros deste xurado irán debidamente acreditados. Os custos da tapa e da consumición dos membros do xurado correrán a cargo de cada un dos establecementos participantes. O ditame dos xurados, así como a entrega de premios terá lugar nun acto de clausura.

## PREMIOS



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| USG13I00EF                                                                         | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S50 06ND                                                           |                      |

**Premios aos hostaleiros:** elixírase unha mellor tapa, por cada ruta barítima. O premio consistirá nunha campaña promocional do negocio ( prensa , radio e redes sociais municipais), valorada en 888,83 €.

**Premios aos clientes:**

- Sorteáranse entre todos os clientes participantes 3 premios de 100 € respectivamente, e que consistirán nun vale de 100 euros para poder gastar nun dos establecementos hostaleiros que participen no concurso. Os establecementos hostaleiros elixidos para a realización do consumo, aceptarán as condicións establecidas para o gasto.
- O sorteo de premios dos clientes, celebrárase o mércores día 14 de maio ás 12:00 h no Centro Municipal “Pablo Picasso” en presenza da secretaria xeral do Concello de Culleredo.
- O sorteo consistirá na extracción de 3 papeletas que serán as premiadas. A continuación, procederase á extracción doutras 3 papeletas, por rigoroso orde, que serán os suplentes no caso de non apareceren os anteriores.

Os hoteleiros que participen están obrigados a aceptar os vales como forma de pagamento para despois facturar ao Concello de Culleredo polo importe dos mesmos. As presentes bases serán publicadas na páxina web do concello, [www.culleredo.es](http://www.culleredo.es), así coma no taboleiro de anuncios do Centro Municipal “Pablo Picasso” do Concello de Culleredo”

C.I.F. P-1503100-H

Dase conta da emenda ao ditame formulada polo Sr. Alcalde, que transcrita di:

**“ENMENDA AO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO SOCIECONÓMICO, TURISMO E FESTAS ADOPTADO NA SESIÓN DE DATA 17 DE ABRIL DE 2019**

De conformidade co disposto no artigo 94 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e á vista de que no ditame anteriormente referido figura un erro na regulación contida no artigo 62, polo que faise necesario modificar o mesmo, esta Alcaldía presenta a seguinte

**PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO DICTÁME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO SOCIECONÓMICO, TURISMO E FESTAS ADOPTADO EN SESIÓN DE DATA 17 DE ABRIL DE 2019:**

No tocante ás bases que regularán a realización das Rutas Barítimas 2019, engadir no apartado que describe a composición do xurado profesional o seguinte contido:

“A denominación nominal do xurado profesional realizarase antes do comezo da celebración das rutas barítimas 2019, mediante resolución do Concelleiro delegado de Desenvolvemento Socioeconómico, Turismo e Festas”, quedando redactada a citada base do seguinte xeito:

**“Xurado profesional:** composto por 3 persoas relacionadas co sector da hostalaría ou a gastronomía, que estarán asistidos tecnicamente por persoal do Concello. O persoal municipal en ningún caso poderá facer valoración algunha sobre as tapas. A denominación nominal do xurado profesional realizarase antes do comezo da celebración das rutas barítimas 2019, mediante resolución do Concelleiro delegado de Desenvolvemento Socioeconómico, Turismo e Festas.

O xurado profesional será o encargado de ditaminar “As tres mellores tapas, Rutas Barítimas 2019”, unha por cada ruta barítima. Dito xurado escollerá entre os 5 establecementos hostaleiros, elixidos polo xurado popular de cada unha das rutas.



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| USG13100EF                                                                         | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S50 06ND                                                           |                      |

O xurado profesional, visitará os establecementos participantes (previo aviso) na semana seguinte á finalización das Rutas Bartítimas, sendo o seu fallo inapelable. Os membros deste xurado irán debidamente acreditados. Os custos da tapa e da consumición dos membros do xurado correrán a cargo de cada un dos establecementos participantes. O ditame dos xurados, así como a entrega de premios terá lugar nun acto de clausura."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno trae as bases do evento referido ás segundas rutas barítimas, que pretende dinamizar a hostelería local de Culleredo, e as zonas tanto urbana como calquera outra que queira participar no dito evento; di que leva unha pequena emenda ao ditaminado na correspondente comisión informativa derivada da indicación da señora Secretaria municipal en relación coa obriga de aprobación da denominación do xurado por resolución do concelleiro delegado de Desenvolvemento socioeconómico, turismo e festas; que entende que o que recolle a proposta que se presenta é bo para o Concello de Culleredo e para dinamizar a hostelería local polo que pide o voto favorable para a mesma.

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o contido da proposta parécelle unha acción illada do que debe ser unha estratexia global, continuada e sistemática de apoio á hostelería e ao pequeno comercio, de competencia municipal, e que o equipo de goberno non conta coa acción sistemática da que fala; que nos últimos catro anos o concelleiro da área presentou escasas iniciativas na comisión informativa correspondente, podéndose contar cos dedos dunha man as poucas que houbo; que lle parece curioso que haxa unha emenda xa que, aínda que lle parece moi normal que haxa un erro o que xa non lle parece tan normal é a excesiva frecuencia con que se producen, tendo que emendar unha vez tras outra, pero que o que máis lle chamou a atención foi o prazo de presentación de solicitudes que remata o 29 de abril, o vindeiro luns, preguntando como se pode facer efectiva a promoción que se pretende aprobar con esta proposta en tan pouco prazo, establecendo xa a mesma proposta que non se admitirán propostas presentadas fóra de prazo.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que aínda que comparte algún dos comentarios feitos polo Sr. Chouciño como que sería bo contar cunha estratexia global de apoio á hostelería local, esta si lle parece unha boa proposta e que está de acordo tamén en que a composición do xurado se determine por resolución da Alcaldía ou da concellaría delegada pero lle gustaría que se especificara un pouco máis; que na Coruña hai centros públicos e privados de ensinanza en hostelería, asociacións provinciais, comarcais e demais e sería bo que se recollera que o xurado estivera formado por un docente, un profesional do mundo da hostelería e outro personal, especificando un pouco máis, polo que lle gustaría ver unha proposta máis detallada e saber a quen se vai nomear pois tal como aparece a proposta parece que vai ser a quen lle pete o concelleiro; que con respecto ás tapas que se van probar parece que non van ser as tapas que se poidan probar a semana anterior á da cata polo que podería ser que se preparasen especialmente para a proba e non foran as que despois se puideran atopar no mesmo local; que lle parece tamén sorprendente e moi curto o prazo que se establece para presentar as solicitudes de participación máxime cando de momento el non viu ningún cartel e aínda que sabe que hoxe coa electrónica o aviso pode ser inmediato, considera que non estaría de máis que se tivera xa publicado na prensa e colocados carteis informativos ao respecto, e dado que para este ano xa non é posible modificalo si quere deixar constancia para que en próximas edicións se teña en conta e se poida contar cun prazo máis axeitado; que non sabe como se pode facer que a tapa premiada poida ser a tapa que todos puideran probar con anterioridade pero si solicita se lle dea unha volta neste sentido para que o concurso sexa máis xusto.

Rematadas as intervencións, a Presidencia agradece as achegas e somete a votación ordinaria a emenda presentada en data vinte e dous de abril de dous mil dezanove polo Sr. alcalde, transcrita anteriormente, obténdose o seguinte resultado:



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| USG13I00EF                                                                         | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S5O 06ND                                                           |                      |

Votos a favor: 9 (nove) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García e López Díaz.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 12 (doce) dos sres/as: Cañas Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela, Prieto García, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Santos Iglesias, Taibo Gago, Chouciño Garrido, Vázquez Lozano e Rivadulla Deschamps.

Á vista do resultado da votación, queda aprobada a emenda referida e a continuación, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria o informe-proposto transcrito, ditaminado favorablemente pola Comisión informativa de Desenvolvemento Socioeconómico, Turismo e Festas, coas modificacións que resultan da emenda do Sr. Alcalde aprobada, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (trece) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Varela Corbelle, Taibo Monelos, Iglesias Becerra, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Suárez García, López Díaz, Cañas Varela, Ramos Luna, Vázquez Grela e Prieto García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 8 (oito) dos sres/as: Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Santos Iglesias, Taibo Gago, Chouciño Garrido, Vázquez Lozano e Rivadulla Deschamps.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o informe-proposta asinado polo concelleiro delegado de Desenvolvemento Socioeconómico, Turismo e Festas, código de documento UFE13I004Y, ditaminado favorablemente na Comisión Informativa de Desenvolvemento Socioeconómico, Turismo e Festas, na sesión de data dezasete de abril de dous mil dezanove, coas modificacións que resultan da emenda aprobada.

C.I.F. P-1503100-H

#### **4.- PROPOSTA DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE CULLEREDO AO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA PROMOVIDO POLA UNIÓN EUROPEA.**

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data doce de abril de dous mil dezanove, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Recursos Humanos e Réxime Interior, Medio Ambiente e Obras, na sesión de data dezasete de abril de dous mil dezanove, que literalmente di:

##### **“PROPOSTA**

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| USG13I00EF                                                                         | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S50 06ND                                                           |                      |

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors' Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométense a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

- 1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;
- 2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Cofeccionador da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde do Concello de Culleredo recoñezo que o noso compromiso esixe:

- I. Un liderado político forte:
  - Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.
  - Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;
- II. Un enfoque territorial integral e intersectorial.
- III. A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

- O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.
  - O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.
- IV. Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.
- V. A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.
- VI. Revisar periodicamente as nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

**PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte acordo:

1. Adherirse este Concello ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXIA promovido pola Unión Europea.
2. Adoptar esta corporación os compromisos de:
  - (1) Reducir as emisións de CO<sub>2</sub> no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.
  - (2) Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.
  - (3) Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.
  - (4) Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.
  - (5) Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.
  - (6) Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.
  - (7) Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.
  - (8) Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.
  - (9) Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

Facultar ao Sr. Alcalde, Jose Ramón Rioboo Castro para a sinatura do Pacto dos Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.”



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| USG13100EF                                                                         | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S50 06ND                                                           |                      |

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que todos saben da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático e ese é o motivo da presentación desta proposta, procedendo á lectura da parte da mesma na que se recolle a parte dispositiva.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que todas as medidas recollidas na proposta estarían ben se houbera un goberno no que se puidera confiar; que lle vai dar un voto de confianza á situación e á proposta e non a quen ten que cumprila; que estos pactos de Alcaldes nunca saen como se concreta e cita como referente aquel congreso de cidades pola sustentabilidade ao que acudiu o alcalde actual cando era concelleiro de Medio Ambiente e pediron conta dos gastos da súa estancia en Málaga coa aclaración das datas nas que estivo alí porque non cadraban moi ben coa duración do evento segundo o que estaba publicitado e, a pesar de que cre recordar que foi en agosto de 2017, aínda está agardando polos ditos datos; que non lle consta que na páxina web municipal aparezan datos sobre a que organismos deste tipo está acollido o Concello de Culleredo; que o Concello está na Reserva da Biosfera pero non se vén os logros por ningunha parte; que hai pouco o BNG participou con entusiasmo na convocatoria de propostas das infraestruturas verdes cando houbo a convocatoria do Concello para participar nese evento e fixeron achegas que consideraban interesantes e non volveron saber nada; que insiste en que non dubida que estes organismos poidan ser útiles pero si dubidan de que o goberno local poida ser quen de sacarlle partido pero de todas formas anuncia que o seu voto vai ser a favor.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que o grupo municipal do Partido Popular vai votar a favor lle parece recordar que nunha comisión na que se trouxo este tema se dixo que ía haber reunións e que se lles entregaría puntualmente información e incluso as actas das ditas reunións, preguntando se é que non houbo máis reunións ou que non se lles entregou a documentación tal como dixeran.

Intervén o Sr. alcalde e di que non ten nada que ver unha cuestión coa outra; que Culleredo está na Rede pola biodiversidade da FEMP, sendo o Concello de Culleredo directivo da Rede pola Biosfera, correndo os gastos a cargo da FEMP, e o pacto referido na proposta é unha cuestión nova, distinta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data doce de abril de dous mil dezanove, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Recursos Humanos e Réxime Interior, Medio Ambiente e Obras, na sesión de data dezasete de abril de dous mil dezanove, sendo aprobada por unanimidade polo que devén en acordo nos termos transcritos.

##### **5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DE CULLEREDO PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA QUE NON SE SUPRIMAN UNIDADES EDUCATIVAS DO CEIP ISAAC DÍAZ PARDO.**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencias, da moción do PSdeG-PSOE, de data dezaséis de abril de dous mil dezanove, relativa a esixir á Xunta de Galicia que non se supriman unidades educativas do CEIP Isaac Díaz Pardo, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

|                                                                                                                                                                    |                      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                                | Código do expediente |
| <b>USG13I00EF</b>                                                                                                                                                  | <b>USG/2019/62</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br><b>013A 2Y5X 7126 4S50 06ND</b> |                      |

## **"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG – PSOE DE CULLEREDO PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA QUE NON SE SUPRIMAN UNIDADES EDUCATIVAS DO CEIP ISAAC DÍAZ PARDO**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As políticas a favor dunha educación pública de calidade deberían estar fóra de toda dúbida. A cidadanía demanda unha oferta na que os escolares contén cos mellores recursos, tanto humanos como materiais, para o desenvolvemento do ensino en todas as súas etapas.

Nos últimos días coñeceuse a intención da Xunta de Galicia, administración competente na materia, de eliminar unha das dúas liñas establecidas no primeiro curso de educación infantil (4º de infantil) no CEIP Isaac Díaz Pardo, un dos centros de referencia no mapa escolar de Culleredo.

Esta medida supón o incumprimento e vulneración das propias regras de matriculación que determina a administración, dado que existía matrícula suficiente para abrir as dúas liñas que se ofertaron no procedemento. Ademais, a maiores das cifras actuais do proceso de matrícula, o número de alumnos acostuma a incrementarse conforme se achega o inicio do curso

Sen embargo, a pesar de contar co sustento numérico para manter as dúas unidades, a Xunta de Galicia decide por sorpresa e sen explicacións previas, suprimir unha destas liñas, abocando ao CEIP a un futuro con máis que probables problemas de saturación.

A medida xerou un importante malestar e indignación entre a comunidade escolar do CEIP Isaac Díaz Pardo, que é plenamente compartida polo grupo de goberno. Hai que lembrar que son familias deste mesmo colexio as que tamén se ven prexudicadas pola falta das prazas suficientes no IES Rego de Trabe, ao que está asignado o alumnado do centro.

O feito de que o número de alumnado sexa inferior ao máximo permitido non debe considerarse en absoluto un problema, posto que os escolares contarán cunha atención mellor e un ensino de calidade, finalidade última das políticas de benestar que defendemos.

Por todo isto, o grupo municipal do PSdeG – PSOE de Culleredo propón ao pleno da corporación o seguinte

### **ACORDO ÚNICO**

Esixir á Xunta de Galicia que rectifique a súa decisión e manteña as dúas liñas educativas en 4º de educación infantil no CEIP Isaac Díaz Pardo, cumprindo coa oferta escolar para o curso 2019-2020."

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que na xunta de voceiros correspondente o alcalde en funcións ofreceu facer a moción institucional no caso de que todos os grupos desexaran sumarse á proposta ou, caso de que non todos se quixeran adherir, facer unha moción conxunta de todos os grupos que quixeran asinala; que o desexo do BNG é sumarse ao encabezado da proposta e asinar a moción transcrita.

Intervén o Sr. alcalde e di que hai unha cuestión de forma e que hai un prazo para sumarse as mocións e agora o que toca é que os que se queiran adherir á mesma poidan facelo aínda que formalmente haxa que seguir un procedemento para que na acta se recolla que é unha moción institucional refrendada por todos; que non se presentou como institucional porque o equipo de goberno tiña que presentala xa para poder cumprir cos prazos previstos.



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| USG13100EF                                                                         | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S50 06ND                                                           |                      |

A continuación solicita novamente o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que, aínda que non sexa un acordo de todos os grupos políticos, podería haber unha presentación de múltiples grupos que foi o que na pasada xunta de voceiros se ofreceu.

Responde o Sr. alcalde e di que a moción hai que presentala antes da Xunta de Voceiros e se na propia Xunta de Voceiros se decide facela institucional, trasládase á orde do día do Pleno como moción institucional; que neste caso houbo grupos que dixeron que desexaban ler a moción e non se chegou a ese acordo na propia Xunta polo que se trasladou á orde do día do Pleno como moción do grupo socialista.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción transcrita e di que esa foi a moción que presentaron á Xunta de Voceiros e que alí se acordou que se todos os grupos desexaban adherirse a ela se faría institucional ou, no caso de que houbera algún que non desexara asinar a moción, se presentaría como moción conxunta dos grupos que si desexaran asinala; que recibiron unha proposta do concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido, solicitando adherirse a esta moción e solicitando a incorporación dun parágrafo entre o quinto e o sexto.

Intervén o Sr. alcalde e lle pregunta ao Sr. Chouciño Garrido se quere ler el o parágrafo proposto ou se quere que o lea o voceiro do grupo socialista, respondendo que o lea o Sr. Taibo Monelos.

A continuación o Sr. Taibo Monelos procede á lectura do dito parágrafo, cuxo texto se transcribe a continuación:

“Sendo máis concretos, neste momento hai nenos suficientes, existen as aulas e incluso hai mestres nomeados xa definitivos para continuar nas mesmas condicións polo que a unidade non se pode suprimir; é necesario e obrigado manter as dúas liñas de educación infantil impartidas ate o de agora”.

Continúa a súa intervención o voceiro do grupo socialista e di que ao seu grupo este parágrafo proposto polo concelleiro do BNG lle parece ben e polo tanto solicitan tamén o apoio de todos os grupos para a aprobación da moción coa inclusión do parágrafo proposto polo Sr. Chouciño Garrido.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal Marea Veciñal de Culleredo, Sr. Santos Iglesias quen, unha vez concedido, di que a materia obxecto da moción é unha materia da que xa se vén falando desde fai tempo por mor dos problemas que houbo coa desviación de rapaces dun IES a outro pola falta de capacidade e que agora se pretenda a supresión dunha das liñas educativas e bastante prexudicial para a comunidade educativa; que lles parece que a moción queda un pouco corta pero comprenden que non é o momento de abordar unha mellora do mapa educativo pero espera que non haxa que agardar a que xurdan problemas máis serios dos que neste momento hai, anunciando que o seu grupo vai apoiar totalmente esta moción.

Seguidamente solicita o uso da palabra a concelleira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Carballeda Feijoo quen, unha vez concedido, di que o seu grupo vai apoiar esta moción porque é obvio que esta problemática é importante pero hai unha serie de dúbidas que xurden do acordo que se vai pedir porque se esixe pero non se di como, de que xeito, cal é a forma en que se ten pensado esixir ese cumprimento e se se vai dar un prazo para que resposten a esas medidas e no caso de que, cumprido ese suposto prazo, a Xunta siga coa medida de que non vai ceder e non vai manter a segunda liña cales serían as outras medidas e que se ten pensado a maiores para este tema porque ata agora non se lles informou das medidas que se estaban tomando e se desde a Concellaría de Educación aparte de apoiar ás familias e as ANPAs e reunirse con Educación, se ten pensado facer algo máis no caso de que se decida suprimir a segunda liña.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que o seu grupo vai apoiar sempre as demandas dos veciños de Culleredo e están totalmente de acordo con que o colexio Isaac Díaz Pardo siga sendo un colexio de liña 2 pero parte do que o equipo

|                                                                                                                                                                    |                      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                                | Código do expediente |
| <b>USG13100EF</b>                                                                                                                                                  | <b>USG/2019/62</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br><b>013A 2Y5X 7126 4S50 06ND</b> |                      |

de goberno di no Pleno non é así ou polo menos non conta todo pois esta semana reuníronse o alcalde e a concelleira coa conselleira de Educación e non contan o que se acordou na dita reunión, constándolle tamén que se reuniron coas ANPAs e non saben tampouco que acordos se tomaron; que non deixa de ser un centro da liña 2 pois segue sendo un centro de liña 2, dicíndoo ademáis a xefatura territorial de Educación e o sabe porque é o que publica a prensa, podéndose ler anuncios que din que o xefe territorial di que vai seguir sendo un centro de liña 2 e que o ano que vén vanse ofrecer 50 prazas, sen que se elimine ningún dos postos docentes; que non ten que ver con que haxa 26 solicitudes e 25 prazas nunha soa aula e que se pretendera abrir unha aula a maiores para ese neno cando se conta cun centro novo que custou catro millóns de euros a menos de 400 metros que ten prazas libres; que este ano entre o colexio de Vilaboa, que está a 1000 metros, e o de Vila de Rutis, que está a 400 metros, hai cerca de 40 prazas libres, e preténdese crear unha aula a maiores por un neno no colexio Isaac Díaz Pardo; que a el tamén lle gustaría que se creara e que as aulas contaran con 12 ou 13 rapaces pero igual é excesivo porque se di que hai que mantela porque puidera ser que en vindeiros anos houbera máis demanda pero o caso é que neste ano non hai e ese é o motivo de que a Xunta diga que non hai causas técnicas nin obxectivas para mantela; que cando haxa máis demanda se pode volver a poñer pero que de todas formas o seu grupo está de acordo coa parte dispositiva da moción cando di que se manteña a liña 2.

A continuación o Sr. alcalde preguntalle ao Sr. Cañás Varela se o seu grupo está ou non a favor da moción pois lle dá a impresión de que está máis a favor do que di a Consellería que do que demandan os pais, non quedándolle claro se está de acordo ou non porque parece que quere apoiar a moción pero dá “unha de cal e outra de area”; que con respecto ao dito pola Sra. Carballeda Feijoo di que están totalmente de acordo co que ela expuso pero a Corporación vai votar a vía institucional e que el estivo reunido o pasado martes en compañía da concelleira delegada de Cultura e Educación co xefe territorial de Educación e pode resumir a reunión nunha pregunta que lle fixo que foi se hai outra opción distinta a esta, respondendo que non, que é a única e que hoxe, unha vez analizada polos técnicos municipais toda a documentación que é definitiva vén que hai algunha irregularidade neste tema e o teñen que estudar máis pormenorizadamente; que non veu contento desa reunión pero o Concello non ten competencia e se a administración que rexe a Educación en España é a Xunta de Galicia e se ela di que é a única alternativa ten que crer que é así, lle guste ou non, pero hoxe, á vista da documentación que ten diante, pode pensar que faltaron á verdade e que si hai outras alternativas polo que directamente lle van pedir unha entrevista á conselleira para dicirlle que non lle parece “serio” que digan que non hai outras opcións cando si as hai e ademáis parece que se incumpriron algunhas das pautas que se deben seguir para facer a escolarización dos rapaces, ofrecéndolle á oposición remitirles un correo electrónico con todas as pautas e información procedente da Xunta de Galicia e de todas as posibles entrevistas que vaian ter con este organismo.

A continuación solicita o uso da palabra novamente o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañás Varela quen, unha vez concedido, di que parece que hai novos datos que el descoñecía.

Responde o Sr. alcalde e di que se incumpre a normativa publicada no Diario Oficial de Galicia en materia de escolarización pois está marcado que na Mesa de Escolarización teñen que estar representados todos os grupos: pais, docentes, sindicatos, directores, ANPAs, o Concello, etc, porque hai variacións sustanciais.

De seguido solicita de novo o uso da palabra a concelleira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Carballeda Feijoo quen, unha vez concedido, di que están de acordo con que esta é a vía institucional e que se lles di que hai un incumplimento polo que se pregunta se ata o de agora non se sabía dese incumplimento e que a concelleira que estaba indo ás reunións das ANPAs e demais xa debería saber que había irregularidades.

Responde o Sr. alcalde e di que el fala de información oficial e invita á Sra. Carballeda Feijoo a informar do que ela saiba no caso de ter algunha información extraoficial da que o equipo de goberno careza.



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| USG13I00EF                                                                         | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S50 06ND                                                           |                      |

Responde a Sra. Concelleira e di que non é que ela o saiba por ningún lado senón que se trata de simple lóxica xa que se a Administración suprime agora algo que previamente ofertou pódese sospeitar de que algunha irregularidade hai.

Intervén o Sr. Alcalde e di que dentro de toda lóxica o que o goberno pode facer é, á vista da documentación e información oficial que posúe, facer unha apreciación o máis obxectiva posible da situación.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do PSdeG-PSOE, de data dezaséis de abril de dous mil dezanove, co parágrafo proposto polo concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido, antes transcrito, resultando aprobada por unanimidade polo que devén en acordo nos seguintes termos:

#### **“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG – PSOE DE CULLEREDO PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA QUE NON SE SUPRIMAN UNIDADES EDUCATIVAS DO CEIP ISAAC DÍAZ PARDO**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As políticas a favor dunha educación pública de calidade deberían estar fóra de toda dúbida. A cidadanía demanda unha oferta na que os escolares contén cos mellores recursos, tanto humanos como materiais, para o desenvolvemento do ensino en todas as súas etapas.

Nos últimos días coñeceuse a intención da Xunta de Galicia, administración competente na materia, de eliminar unha das dúas liñas establecidas no primeiro curso de educación infantil (4º de infantil) no CEIP Isaac Díaz Pardo, un dos centros de referencia no mapa escolar de Culleredo.

Esta medida supón o incumprimento e vulneración das propias regras de matriculación que determina a administración, dado que existía matrícula suficiente para abrir as dúas liñas que se ofertaron no procedemento. Ademais, a maiores das cifras actuais do proceso de matrícula, o número de alumnos acostuma a incrementarse conforme se achega o inicio do curso

Sen embargo, a pesar de contar co sustento numérico para manter as dúas unidades, a Xunta de Galicia decide por sorpresa e sen explicacións previas, suprimir unha destas liñas, abocando ao CEIP a un futuro con máis que probables problemas de saturación.

A medida xerou un importante malestar e indignación entre a comunidade escolar do CEIP Isaac Díaz Pardo, que é plenamente compartida polo grupo de goberno. Hai que lembrar que son familias deste mesmo colexio as que tamén se ven prexudicadas pola falta das prazas suficientes no IES Rego de Trabe, ao que está asignado o alumnado do centro.

Sendo máis concretos, neste momento hai nenos suficientes, existen as aulas e incluso hai mestres nomeados xa definitivos para continuar nas mesmas condicións polo que a unidade non se pode suprimir; é necesario e obrigado manter as dúas liñas de educación infantil impartidas ate o de agora.

O feito de que o número de alumnado sexa inferior ao máximo permitido non debe considerarse en absoluto un problema, posto que os escolares contarán cunha atención mellor e un ensino de calidade, finalidade última das políticas de benestar que defendemos.

Por todo isto, o grupo municipal do PSdeG – PSOE de Culleredo propón ao pleno da corporación o seguinte

##### **ACORDO ÚNICO**

Esixir á Xunta de Galicia que rectifique a súa decisión e manteña as dúas liñas educativas en 4º de educación infantil no CEIP Isaac Díaz Pardo, cumprindo coa oferta escolar para o curso 2019-2020.”



|                                                                           |                      |
|---------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                       | Código do expediente |
| <b>USG13I00EF</b>                                                         | <b>USG/2019/62</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br>013A 2Y5X 7126 4S50 06ND |                      |

## **6.- DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIVERSITAT OBERTA DE CATALUNYA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS.**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución da Alcaldía, de data doce de abril de dous mil dezanove, na que se acorda aprobar a sinatura dun convenio de colaboración coa Universitat Oberta de Catalunya para a realización de prácticas.

## **7.- DACIÓN DE CONTA INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación munciipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 05/02/2019 (código de documento UIT13I0032)
- Informe de data 04/03/2019 (código de documento UIT13I008C)
- Informe de data 25/03/2019 (código de documento UIT13I0099)
- Informe de data 29/03/2019 (código de documento UIT13I009Y)
- Informe de data 12/04/2019 (código de documento UIT13I00B3)

## **8.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS ORDEANDO A INCORPORACIÓN AO REXISTRO MUNICIPAL DE SUBVENCÍONS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2019.**

Por resolución da alcaldía de data 22 de abril de 2019 ordenouse a incorporación ao Rexistro Municipal de Subvencións das concedidas no período comprendido entre o 01-01-2019 e o 31-03-2019 e que son as seguintes:

| PARTIDA ORZAMENTARIA | ÓRGANO QUE A DITA           | ACORDO DE CONCESIÓN               | BENEFICIARIOS | FINALIDADE/S DA SUBVENCIÓN                                                                                 | IMPORTE SUBVENCION |
|----------------------|-----------------------------|-----------------------------------|---------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 134 DE 30/01/2019 | R.S.I.Z.      | AXUDA ECONOMICA PAGO RECIBOS ELECTRICIDADE MESES DE 08/06/2018 AO 07/08/2018 E DO 08/08/2018 AO 04/10/2018 | 148,39 €           |

C.I.F. P-1503100-H

| PARTIDA ORZAMENTARIA | ÓRGANO QUE A DITA                   | ACORDO DE CONCESIÓN               | BENEFICIARIOS                      | FINALIDADE/S DA SUBVENCIÓN                                                                                           | IMPORTE SUBVENCIÓN |
|----------------------|-------------------------------------|-----------------------------------|------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| 341-489              | DEPORTES E OCUPACION DO TEMPO LIBRE | RESOLUCION NUM. 156 DE 04/02/2019 | CLUB BALONCESTO CULLEREDO          | PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 25% DA AXUDA RELATIVO A CONVENIO COLABORACION ENTRE CLUB BALONCESTO CULLEREDO E CONCELLO | 1.250,00 €         |
| 341-489              | DEPORTES E OCUPACION DO TEMPO LIBRE | RESOLUCION NUM. 157 DE 04/02/2019 | CLUBE DEPORTIVO BALONMAN CULLEREDO | PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 25% DE AXUDA CONVENIO ENTRE CLUB BALONMAN CULLEREDO E CONCELLO                           | 2.500,00 €         |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE         | RESOLUCION NUM. 184 DE 06/02/2019 | B.M.O.A.                           | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES NOVEMBRO, DECEMBRO DE 2018 E PARTE DE XANEIRO DE 2019                             | 1.075,00 €         |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE         | RESOLUCION NUM. 200 DE 11/02/2019 | M.O.M.I                            | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2018 E PARTE DE XANEIRO DE 2019                            | 1.075,00 €         |
| 341-48900            | DEPORTES E OCUPACION DO TEMPO LIBRE | RESOLUCION NUM. 202 DE 11/02/2019 | CLUB AGUAMARINA SINCRO             | CONCESION SUBVENCION LIÑA ACTUACION 6: PROMOCION DO DEPORTE                                                          | 1.194,46 €         |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE         | RESOLUCION NUM. 226 DE 13/02/2019 | O.M.L.                             | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES DECEMBRO 2018 E XANEIRO E FEBREIRO DE 2019                                        | 1.050,00 €         |

C.I.F. P-1503100-H

| PARTIDA ORZAMENTARIA | ÓRGANO QUE A DITA           | ACORDO DE CONCESIÓN               | BENEFICIARIOS | FINALIDADE/S DA SUBVENCIÓN                                                                         | IMPORTE SUBVENCIÓN |
|----------------------|-----------------------------|-----------------------------------|---------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 259 DE 15/02/2019 | C.M.M.L       | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES XANEIRO, FEBREIRO, MARZO E ABRIL 2019                           | 1.075,68 €         |
| RC220190000022       | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 258 DE 15/02/2019 | D.V.J.        | PAGO RECIBO COMUNIDADE 3º TRIMESTRE 2018                                                           | 70,00 €            |
| RC220190000655       | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 274 DE 20/02/2019 | B.L.M.C.      | PAGO RECIBO COMUNIDADE MES DE XULLO E AGOSTO DE 2018                                               | 84,00 €            |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 307 DE 25/02/2019 | S.S.C.        | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES XANEIRO, FEBREIRO E MARZO 2019                                  | 1.050,00 €         |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 322 DE 26/02/2019 | P.P.L.F.      | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES XANEIRO, FEBREIRO , MARZO E MES DE ABRIL DE 2019                | 1.075,68 €         |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 323 DE 26/02/2019 | A.M.M.        | AXUDA ECONOMICA PAGO RECIBOS COMUNIDADE 2019                                                       | 360,00 €           |
| RC220190000659       | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 324 DE 26/02/2019 | P.O.E.        | PAGO RECIBO ELECTRICIDADE MES NOVIEMBRE 2018                                                       | 16,36 €            |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 325 DE 26/02/2019 | S.T.A.        | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES NOVIEMBRE, DECEMBRO DE 2018 E XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2019 | 1.075,68 €         |
| RC220190000660       | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 326 DE 26/02/2019 | L.V.C.        | PAGO RECIBO ELECTRICIDADE MES NOVIEMBRE 2018                                                       | 18,11 €            |

C.I.F. P-1503100-H

| PARTIDA ORZAMENTARIA | ÓRGANO QUE A DITA                           | ACORDO DE CONCESIÓN               | BENEFICIARIOS             | FINALIDADE/S DA SUBVENCIÓN                                                                                                                                                                      | IMPORTE SUBVENCIÓN |
|----------------------|---------------------------------------------|-----------------------------------|---------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| RC220190000023       | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE                 | RESOLUCION NUM. 329 DE 27/02/2019 | F.S.T.L.                  | PAGO RECIBO GAS DO 031018 AO 311018 E PAGO RECIBO LUZ DO 14092018 AO 31102018                                                                                                                   | 41,68 €            |
| 3341-48900           | EDUCACION, CULTURA E PARTICIPACION CIDADADA | RESOLUCION NUM. 332 DE 27/02/2019 | AAVV SAN MARTIN DE SESAMO | AXUDA LIÑA DE ACTUACION NUM. 5: PROMOCION DA CULTURA                                                                                                                                            | 1.715,47 €         |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE                 | RESOLUCION NUM. 330 DE 27/02/2019 | M.S.C.J.                  | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES DECEMBRO DE 2018 E XANEIRO, FEBREIRO, MARZO E PARTE ABRIL 2019                                                                                               | 1.075,00 €         |
| RC220190000157       | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE                 | RESOLUCION NUM. 331 DE 27/02/2019 | O.V.S.                    | PAGO RECIBO GAS XANEIRO DE 2019, RECIBO AUGA TERCER E CUARTO TRIMESTRE 2018 E RECIBOS ELECTRICIDADE DO 01102018 AO 09012019                                                                     | 288,07 €           |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE                 | RESOLUCION NUM. 343 DE 28/02/2019 | M.B.M.I.                  | AXUDA ECONOMICA PAGAMENTO COMUNIDADE ANO 2018, PAGO RECIBOS ELECTRICIDADE DO 16/10/17 AO 13/01/19, PAGO RECIBOS GAS DO 07/10/17 AO 10/12/18 E PAGO RECIBO AUGA TERCEIRO E CUARTO TRIMESTRE 2018 | 1.049,06 €         |

C.I.F. P-1503100-H

| PARTIDA ORZAMENTARIA | ÓRGANO QUE A DITA           | ACORDO DE CONCESIÓN                 | BENEFICIARIOS | FINALIDADE/S DA SUBVENCIÓN                                                                                                                   | IMPORTE SUBVENCIÓN |
|----------------------|-----------------------------|-------------------------------------|---------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOUÇION NUM. 344 DE 28/02/2019    | C.V.T.        | AXUDA ECONOMICA PAGO RECIBO AUGA 4º TRIMESTRE 2018, ELECTRICIDADE DO 11/12/18 AO 10/02/19 E PAGO RECIBOS GAS DO 11/12/18 AO 08/02/19         | 271,64 €           |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM.,. 357 DE 06/03/2019 | V.G.M.R.      | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2019                                                                         | 1.075,68 €         |
| RC220190000154       | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 362 DE 06/03/2019   | N.M.M.S.      | PAGO PARTE RECIBO ELECTRICIDADE DO 1 AO 13 DE AGOSTO DE 2018                                                                                 | 60,64 €            |
| RC220190000156       | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 361 DE 06/03/2019   | L.B.E.        | PAGO RECIBO GAS OUTUBRO 2018, RECIBO AUGA SEGUNDO E TERCEIRO TRIMESTRE 2018 E RECIBOS ELECTRICIDADE DO 19 DE ABRIL AO 17 DE DECEMBRO DE 2018 | 546,48 €           |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 360 DE 06/03/2019   | R.D.C.        | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES FEBREIRO, MARZO E ABRIL 2019                                                                              | 1.025,00 €         |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 358 DE 06/03/2019   | V.V.N.L.      | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES DECEMBRO DE 2018, XANEIRO, FEBREIRO, MARZO, ABRIL E MAIO DE 2019                                          | 1.075,00 €         |

C.I.F. P-1503100-H

| PARTIDA ORZAMENTARIA | ÓRGANO QUE A DITA           | ACORDO DE CONCESIÓN               | BENEFICIARIOS | FINALIDADE/S DA SUBVENCIÓN                                                                                    | IMPORTE SUBVENCIÓN |
|----------------------|-----------------------------|-----------------------------------|---------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 359 DE 06/03/2019 | A.B.A.M.      | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES XANEIRO, FEBREIRO E MARZO 2019                                             | 1.075,68 €         |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 365 DE 07/03/2019 | S.P.          | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUEIRO DECEMBRO DE 2018 E XANEIRO, FEBREIRO E MARZO 2019                              | 1.075,00 €         |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 368 DE 07/03/2019 | V.R.R.M.      | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES XANEIRO, FEBREIRO, MARZO E ABRIL 2019                                      | 1.075,00 €         |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 369 DE 07/03/2019 | S.E.B.        | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES XANEIRO, FEBREIRO, MARZO E ABRIL 2019                                      | 1.075,00 €         |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 370 DE 07/03/2019 | S.A.M         | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES DECEMBRO DE 2018 E XANEIRO, FEBREIRO E MARZO 2019                          | 1.075,00 €         |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 381 DE 12/03/2019 | M.L.M.I.      | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES DECEMBRO 2018 E XANEIRO, FEBREIRO E MARZO 2019                             | 1.075,68 €         |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 396 DE 14/03/2019 | P.L.J.A.      | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER FEBREIRO, MARZO E ABRIL 2019 E PAGO RECIBO ELECTRICIDADE DO 04/12/18 AO 07/01/19 | 1.075,38 €         |

C.I.F. P-1503100-H

| PARTIDA ORZAMENTARIA | ÓRGANO QUE A DITA           | ACORDO DE CONCESIÓN               | BENEFICIARIOS | FINALIDADE/S DA SUBVENCIÓN                                                                                          | IMPORTE SUBVENCIÓN |
|----------------------|-----------------------------|-----------------------------------|---------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| RC220190000114       | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 434 DE 20/03/2019 | M.P.M.        | PAGO RECIBO LUZ DO 14 XUÑO 2018 AO 30 DE XUÑO 2018                                                                  | 19,45 €            |
| 23182.480            | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 431 DE 20/03/2019 | B.R.B.        | AXUDA ECONOMICA PAGO ALUGUER MESES FEBREIRO E MARZO E ABRIL                                                         | 1.075,68 €         |
| RC220190001560       | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 432 DE 20/03/2019 | A.M.M.        | PAGO RECIBO ELECTRICIDADE UN MES 2019, PAGO RECIBO AUGA CUARTO TRIMESTRE 2018 E PAGO RECIBO GAS MES DE XANEIRO 2019 | 155,38 €           |
| RC2201900000104      | BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE | RESOLUCION NUM. 433 DE 20/03/2019 | F.T.D.D.      | PAGO RECIBO BONO BUS DECEMBRO 2018                                                                                  | 33,81 €            |

#### 9.- DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 180 resolucións numeradas da 436 a 615 do ano 2019, que se relacionan deseguido:

| NÚM. RESOLUCION | DATA       | EXTRACTO                                                                                                                                                                                                                                                         | PLENO 25-04-2019 |
|-----------------|------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| 436             | 21/03/2019 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 25-03-2019.                                                                                                                                                                                     |                  |
| 437             | 22/03/2019 | Autorización á Sra. Ferreiro Varela, voceira do Grupo Político Alternativa dos Veciños, á consulta dos documentos obrantes no expediente de contratación UCP/2018/457.                                                                                           |                  |
| 438             | 25/03/2019 | Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do día 28-03-2019.                                                                                                                                                                                            |                  |
| 439             | 25/03/2019 | Convocatoria á sesión extraordinaria do Pleno Municipal do día 01-04-2019.                                                                                                                                                                                       |                  |
| 440             | 25/03/2019 | Declaración caducidade procedemento reposición legalidade urbanística incoado resolución 2191/2014 por obras rehabilitación vivenda unifamiliar ámbito Plan especial Aeroporto Coruña sen contar licenza municipal Av. Fontemaior 10 e traslado actuacións APLU. |                  |



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| <b>USG13100EF</b>                                                                  | <b>USG/2019/62</b>   |
| 555             | 11/04/2019 | Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para liña eléctrica de baixa tensión subterránea en Cabana, parroquia de Veiga.                                                           |                  |
| 556             | 11/04/2019 | Autorización do uso especial por ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SL dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización fibra óptica (2m) e arqueta na Av. Portádegos, parroquia de Rutis.                                                 |                  |
| 557             | 11/04/2019 | Autorización do uso especial por R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para retirada de cabinas telefónicas e reposición de pavimento na R/ Manuel Azaña, 1 e R/ Amparo López Jean, 6.                   |                  |
| 558             | 11/04/2019 | Informe favorable autorización interurbana para exercer servizo transporte colectivo urbano co vehículo marca OPEL INSIGNIA TOURER, matrícula 0323KVH de 5 prazas, número de identificación W0VZM8EF1K1039237, en substitución do vehículo 8593HZB, a M.C.R.E. |                  |
| 559             | 11/04/2019 | Concesión a E.O.M. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.                                                                                                                                                                          |                  |
| 560             | 11/04/2019 | Concesión a M.M.F.A. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.                                                                                                                                                                                  |                  |
| 561             | 11/04/2019 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a I.Z.R.S. do recibo de electricidade correspondente a o período do 19/11/2018 ao 05/02/2019, por importe de 92,02€.                                                                                   |                  |
| 562             | 11/04/2019 | Concesión á Comunidade de Propietarios da Av. Vilaboa núm. 109 da licenza municipal de obras para o arranxo da fachada no edificio situado na Av. Vilaboa núm. 109. (Expediente: UAU/2017/465).                                                                |                  |
| 563             | 11/04/2019 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 15-04-2019.                                                                                                                                                                                   |                  |



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| <b>USG13100EF</b>                                                                  | <b>USG/2019/62</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S50 06ND                                                           |                      |

C.I.F. P-1503100-H

| NÚM. RESOLUCION | DATA       | EXTRACTO                                                                                                                                                                                                                                                         | PLENO 25-04-2019 |
|-----------------|------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| 564             | 12/04/2019 | Delegación na concelleira, D. <sup>a</sup> Marta M <sup>a</sup> Figueroa Fuentes, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre S.Q.L. e J.M.Y.Y. o día 12 de abril de 2019 as 19.00 horas.                                           |                  |
| 565             | 12/04/2019 | Delegación na concelleira, D. <sup>a</sup> Marta M <sup>a</sup> Figueroa Fuentes, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre S. R.M. e A.C.M. o día 13 de abril de 2019 as 19.30 horas.                                            |                  |
| 566             | 12/04/2019 | Aprobación da sinatura dun convenio de colaboración entre a Universitat Oberta de Catalunya e o Concello de Culleredo/Centro de Información á muller e J.Q.R. para a realización de prácticas.                                                                   |                  |
| 567             | 12/04/2019 | Autorización ao Sr. Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG, á consulta dos documentos obrantes no expediente UME/2018/199.                                                                                                                     |                  |
| 568             | 12/04/2019 | Persoamento en nome do Concello de Culleredo, como demandado ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 da Coruña no PROCEDIMENTO ABREVIADO 79/2019-R (interposto por R.M.P.L.).                                                                        |                  |
| 569             | 12/04/2019 | Non división en lotes investimentos obxecto proxectos e pregos que se solicitan incluír no Plan complementario ao Provincial cooperación ás obras e servizos competencia municipal, POS + 2019. (Renovación rede municipal alumeadado Av. Xoan Carlos I e máis). |                  |
| 570             | 12/04/2019 | Solicitude participación convocatoria programa subvencións a entidades locais de Galicia para mantemento servizos de normalización lingüística (SNL) durante o ano 2019 para o proxecto denominado promoción do uso da lingua galega por importe 29.424,50 €).   |                  |
| 571             | 12/04/2019 | Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2019/10. (TERCEIRO: D.V.J.-IMPORTE TOTAL: 56,14€ e máis).                                                                                        |                  |
| 572             | 12/04/2019 | Aboamento a C.A.F.P. da cantidade de 129,32€ por servizos extraordinarios realizados fóra da súa xornada normal de traballo o día 23-10-2018.                                                                                                                    |                  |
| 573             | 12/04/2019 | Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados municipais realizados no mes de febreiro de 2019 (K.P.D.A. e F.J.V.T.).                                                                                                                        |                  |
| 574             | 12/04/2019 | Recoñecemento a D.N.O., aos efectos de trienios, do tempo de servizos previos prestados.                                                                                                                                                                         |                  |
| 575             | 12/04/2019 | Imposición a RARESDOVA SL dunha multa de 1.000€ pola instalación dun televisor na terraza da cervexería "Xentes" e dunha multa de 2.000€ pola ocupación pola terraza dunha superficie maior á superficie autorizada en máis do 25%.                              |                  |
| 576             | 12/04/2019 | Desestimación das alegacións presentadas polo interesado e imposición dunha multa de 200€ a SERGEHOS, SL por non ter exposto no establecemento "LA GROSERÍA" o cartel informativo de prohibición da venda/subministro de alcohol a menores.                      |                  |



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| <b>USG13I00EF</b>                                                                  | <b>USG/2019/62</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S50 06ND                                                           |                      |

C.I.F. P-1503100-H

| NÚM. RESOLUCION | DATA       | EXTRACTO                                                                                                                                                                                                                                               | PLENO 25-04-2019 |
|-----------------|------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| 577             | 12/04/2019 | Orde a J.C.R., como propietario, á realización nos terreos situados na referencia catastral 9862514NH4996S á limpeza e desbroce que resulten necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.                         |                  |
| 578             | 12/04/2019 | Orde a C.M.R.C., como propietaria, á realización nos terreos situados na referencia catastral 9862514NH4996S á limpeza e desbroce que resulten necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.                       |                  |
| 579             | 12/04/2019 | Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 3497/2019 e máis.                                                                                                                                 |                  |
| 580             | 12/04/2019 | Imposición sanción tráfico, expediente 1733/2019.                                                                                                                                                                                                      |                  |
| 581             | 12/04/2019 | Estimación das alegacións presentadas ao expediente sancionador en materia de tráfico 19169/2018.                                                                                                                                                      |                  |
| 582             | 12/04/2019 | Estimación das alegacións presentadas ao expediente sancionador en materia de tráfico 19168/2018.                                                                                                                                                      |                  |
| 583             | 12/04/2019 | Estimación das alegacións presentadas ao expediente sancionador en materia de tráfico 19152/2018.                                                                                                                                                      |                  |
| 584             | 12/04/2019 | Concesión a M.L.V. e A.R.G. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).                                                                                                                              |                  |
| 585             | 12/04/2019 | Concesión a J.P.C. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).                                                                                                                                       |                  |
| 586             | 12/04/2019 | Concesión a C.L.R. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).                                                                                                                                       |                  |
| 587             | 12/04/2019 | Concesión a M.N.D. do servizo de Teleasistencia domiciliaria.                                                                                                                                                                                          |                  |
| 588             | 12/04/2019 | Concesión a M.N.D. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 2 horas á semana (agás festivos).                                                                                                                                       |                  |
| 589             | 12/04/2019 | Concesión a A.V.P. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).                                                                                                                                       |                  |
| 590             | 12/04/2019 | Concesión a A.P.P. e J.M.V. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 2 horas á semana (agás festivos) e do Xantar na casa para os sete días á semana.                                                                               |                  |
| 591             | 12/04/2019 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a T.C.V. do recibo de luz, por importe de 55,96€, correspondente ao período do 10-02-2019 ao 12-03-2019.                                                                                       |                  |
| 592             | 12/04/2019 | Concesión a Z.A.B.J. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€.                                                                                                                                                             |                  |
| 593             | 12/04/2019 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.M. do recibo de auga por importe de 57,36€ correspondente ao primeiro trimestre de 2019 e pago do recibo de electricidade por importe de 12,85€, do período do 17-02-2019 ao 17-03-2019. |                  |



|                                           |                      |
|-------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                       | Código do expediente |
| <b>USG13100EF</b>                         | <b>USG/2019/62</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                      |
|                                           |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S50 06ND                  |                      |

C.I.F. P-1503100-H

| NÚM. RESOLUCION | DATA       | EXTRACTO                                                                                                                                                                                                                                                       | PLENO 25-04-2019 |
|-----------------|------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| 594             | 12/04/2019 | Concesión a M.B.J.J. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,68€.                                                                                                                                                                     |                  |
| 595             | 12/04/2019 | Concesión a M.U.L.G. dunha axuda económica para o pago de recibos de auga do 4º trimestre de 2018 e 1º, 2º e 3º trimestre de 2019, pago recibo electricidade de xaneiro a outubro de 2019 e pago recibo comunidade de xaneiro a outubro de 2019.               |                  |
| 596             | 12/04/2019 | Concesión a F.L.B. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075,00€.                                                                                                                                                                       |                  |
| 597             | 15/04/2019 | Aprobación do expediente para a contratación do subministro e impresión das papeletas de votación para as eleccións municipais de maio de 2019.                                                                                                                |                  |
| 598             | 15/04/2019 | Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas especificadas O/2019/11. (TERCEIRO: PLUS ULTRA, SEGUROS GENERALES Y VIDA, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS - 66.989,21€ e máis).   |                  |
| 599             | 15/04/2019 | Concesión a J.C.L., en representación ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA NOSA SEÑORA-SAN OTELO autorización ocupación espazo público lugar Celas de Peiro, parroquia de Celas os días 27 e 28 de abril de 2019 para a celebración da festa popular ao aire libre. |                  |
| 600             | 15/04/2019 | Orde J.L.B.M., como propietario, realización terreos situados O Vilar (Sueiro) retirada cerramento vexetal, limpeza 2600m2 parcela e tala pinos situados a menos de 50 m vivendas que resultan necesarios para manter o terreo debidas condicións seguridade.  |                  |
| 601             | 15/04/2019 | Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 137 a J.A.S.P.                                                                                                                                                    |                  |
| 602             | 15/04/2019 | Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a Funeraria Tanatorio San Javier, SL para a actividade de "pompas fúnebres e actividades relacionadas", nunha nave situada na avenida de Almeiras núm. 63, parroquia de Almeiras.           |                  |
| 603             | 15/04/2019 | Denegación da inscrición no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos do Concello de Culleredo do animal potencialmente perigoso con número de microchip 941000019684153, presentada por J.M.L.N.                                                 |                  |
| 604             | 15/04/2019 | Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 138 a S.L.G.                                                                                                                                                        |                  |
| 605             | 15/04/2019 | Concesión a A.G.F.V. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 985,22€, para o pago do recibo de electricidade por importe de 35,24€. E para o pago do recibo de agua por importe de 55,22€ do 1º trimestre de 2019.                         |                  |
| 606             | 15/04/2019 | Concesión a F.J.C.G. dunha axuda económica para o pago de recibos de comunidade correspondentes aos meses de marzo a decembro de 2018 e para o pago dos recibos de comunidade correspondentes ao ano 2019.                                                     |                  |



|                                           |                      |
|-------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                       | Código do expediente |
| <b>USG13I00EF</b>                         | <b>USG/2019/62</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) |                      |
|                                           |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S50 06ND                  |                      |

C.I.F. P-1503100-H

| NÚM. RESOLUCION | DATA       | EXTRACTO                                                                                                                                                                                                                                              | PLENO 25-04-2019 |
|-----------------|------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| 607             | 15/04/2019 | Concesión a G.C.M. e C.M.G. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 1 hora á semana (agás festivos).                                                                                                                              |                  |
| 608             | 15/04/2019 | Anulación do cheque número 6491824-5 por importe de 1075,68€ e concesión a J.B.M. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 220€ e en concepto de recibo de auga por importe de 406,50€.                                            |                  |
| 609             | 16/04/2019 | Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 22-04-2019.                                                                                                                                                                          |                  |
| 610             | 16/04/2019 | Orde paralización inmediata obras renovación tubaxes principais abastecemento contorno Universidade Laboral e incoación expediente reposición legalidade a EMALCSA derivado da execución das citadas obras sen contar co título habilitante exixible. |                  |
| 611             | 16/04/2019 | Concesión a N.R.R.C. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.                                                                                                                                                               |                  |
| 612             | 16/04/2019 | Concesión a E.E.M.A. dunha axuda económica para o pago de aluguer por importe de 1075€.                                                                                                                                                               |                  |
| 613             | 16/04/2019 | Concesión a M.M.J.L. do Xantar na casa para os sete días da semana.                                                                                                                                                                                   |                  |
| 614             | 16/04/2019 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.V.A.C. do recibo de luz por importe de 42,78€ correspondente ao período do 8 de outubro de 2018 ao 31 de outubro de 2018, sendo o importe total da factura de 57,66€.                     |                  |
| 615             | 16/04/2019 | Concesión M.E.B.R. axuda económica pago recibos auga 4º trimestre 2018 e 1º, 2º e 3º trimestre 2019, pago recibos electricidade de xaneiro a outubro de 2019, pago de recibos de comunidade de xaneiro a outubro de 2019 e bono alimentos tipo A.     |                  |

#### **10.- MOCIÓNS URGENTES.**

Non se presenta ningunha moción neste punto da orde do día.

#### **11.- ROGOS E PREGUNTAS.**

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra a concelleira non adscrita, Sra. Rivadulla Deschamps quen, unha vez concedido, di que non sabe se ten resposta á súa pregunta no pleno anterior respecto das talas forestais e di que se o goberno quere repite a dita pregunta.

Intervén o Sr. alcalde e di que si, que repita a pregunta.

A continuación a Sra. Rivadulla Deschamps repite a pregunta feita no pleno anterior, que se transcribe a continuación:



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| USG13100EF                                                                         | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 013A 2Y5X 7126 4S50 06ND                                                           |                      |

"Os madeiristas encargados dos traballos están obrigados -segundo ordenanza municipal- a obter a autorización do concello, a ser responsable dos danos que ocasionen nas vías, a non utilizar as cunetas como almacén de madeira e a establecer unha fianza a favor do Concello para responder dos danos involuntarios.

Tende en conta isto:

- Cantos permisos se tramitaron para talas nos montes de Culleredo no último ano?
- Cantos avais foron incautados polos incumprimentos por parte dos madeiristas?
- Houbo denuncias ou queixas veciñais neste sentido?
- O sábado pasado produciuse un incendio nas proximidades de Bregua. Tivo que ver con algunha tala ou coas súas consecuencias? Que superficie ardeu?

Por outra banda, pero tamén sobre montes:

Hai uns meses tivemos coñecemento, a través da prensa e de varios veciños, dun evento con todoterreos no monte Xalo, que se presumía ilegal, e que ocasionou destrozos na contorna (preguntei no seu momento en Comisión, pero sigo agardando resposta).

- Que actuacións iniciou o concello sobre este asunto?
- En que expediente/s podo consultalo?"

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. alcalde e di que lle pide desculpas porque pensou que xa se lle remitira a resposta por correo electrónico ou que xa se lle notificara; que ve que non foi así e que agora non ten esa resposta fisicamente pero que dará orde de que se lle traslade e reitera as súas desculpas.

A continuación continúa coa súa intervención a Sra. Rivadulla Deschamps e di que quere preguntar tamén por outro tema polo que xa preguntou nalguna ocasión en comisión en relación cos lumes, co número de denuncias e notificacións que recibe o Concello de Culleredo sobre fincas sen desbrozar e nunca tivo resposta, considerando importante que os veciños saiban se teñen un perigo á porta da súa casa.

Continúa a Sra. Rivadulla Deschamps e di que con respecto ao colexio Vila de Rutis ten unha pregunta que presentou por rexistro pois hai uns días tivo constancia dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia polo que se inadmite o recurso do Concello de Culleredo revocando o acordo do xustiprezo dunha finca sobre a que se construíu o colexio polo que non se sabe finalmente cal é a cantidade exacta que lle vai custar ao Concello a compra desas fincas e cal é a diferenza económica respecto da previsión inicial; que o recurso do Concello por este xustiprezo prodúcese por terse dado fóra de prazo, algo inadmisíbel segundo a propia sentenza respecto de litixios entre administracións públicas polo que a orixe deste fallo foi deixadez ou mala praxis do goberno, preguntando de quen é a responsabilidade e se vai supoñer un novo caso como o do CEIP Ría do Burgo que supón unha sangría ás arcas municipais.

Intervén o Sr. alcalde e di que a Sra. Rivadulla Deschamps pediu audiencia para ver ese expediente, se lle deron respostas sobre o que agora está preguntando e se lle amosou a sentenza e incluso a asesoría xurídica lle informou da situación do expediente pero se lle quedou algunha dúbida pedirá un informe e llo entregarán o antes posible.

Intervén a Sra. Rivadulla Deschamps e di que quere saber cal é a diferenza económica respecto da previsión inicial.

Responde o Sr. alcalde e di que non ten ese dato pero llo falicitará o antes posible.

|                                                                                                                                                                    |                      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                                | Código do expediente |
| <b>USG13I00EF</b>                                                                                                                                                  | <b>USG/2019/62</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br><b>013A 2Y5X 7126 4S5O 06ND</b> |                      |

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Vázquez Lozano quen, unha vez concedido, di que vai formular os últimos rogos da lexislatura actual e que aínda que na próxima non vai estar, si espera que se lle dea resposta aos veciños; que o primeiro rogo é respecto da solicitude que fixo xa non lembra canto tempo fai que a meteu por Rexistro sobre unha casa oficial ou caseta situada na avda. de Rutis para venda de prazas de garaxe que cambio de carteis varias veces sendo antes utilizada para funcións de asesoría e nun principio tamén para venda de prazas de garaxe.

Continúa a súa intervención o Sr. Vázquez Lozano e di que un segundo rogo é relativo a algunha das alegacións que houbo a estes presupostos relativa aos pipicans porque houbo xa mocións neste sentido e campañas de sensibilización para que todos aqueles que tiñan mascotas se sensibilizaran da necesidade de recoller os seus excrementos e todo o mundo puidera convivir nas zonas recreativas e nos parques con animais, rogando que se fagan unhas áreas, uns recintos pechados, para poder soltar os cans nas zonas onde máis animais se concentran sen que ninguén se poida sentir intimidado; que ten un terceiro rogo referido á problemática que hai co semáforo de Castro-Laxe por mor da frecuencia de automóviles que pasan por esa zona porque a última medición que hai é do 2006 e corre o 2019; que a apertura da terceira ronda aumentou moitísimo o paso de vehículos por esa zona, que é moi estreita, polo que estaría ben dirimir a cantidade de vehículos que pasan e axustar o semáforo a esa cantidade para poder facer un tránsito moito máis axeitado; que o último rogo vai destinado á zona do parque Felipe II, pois na zona de Tierno Galván incrementouse moito a poboación infantil e os veciños piden que na zona que vai cara o río Trabe está sen valar, non a zona que delimita o parque senón o pasillo que vai desde o parque cara ao río, supoñendo un perigo para os nenos aos que moitas veces se lles escapa o balón e indo cara a el caen polo terraplén abaixo, considerando de uxente necesidade valar esa zona para poder evitar unha desgracia.

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo mixto, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que podería facer un pequeno inventario coa cantidade de reparos de Intervención que hai pero vai intentar resumir e centrarse en dúas cuestións; que a primeira delas é que se pecha o último pleno ordinario sen que se presente a liquidación da Garrocha sen que se poida entender que ocorra isto máxime cando hai unha recomendación do xefe de economía que di que se debería liquidar nun mes; que no caso do Centro Loxístico de Ledoño non foi obstáculo para facer a liquidación o feito de que non rematara o feito da toma de posesión, non tendo excusa para non ter liquidada a Garrocha e que todos os veciños poidan saber que pasou coa débeda acumulada de 326.000 euros máis o deterioro das instalacións que parece ser foron moi cuantiosas, debendo dar unha explicación ou dicir que non a teñen e que os veciños poidan todos saber canto perderon de patrimonio na dita instalación e nesa concesión, pedíndolle ao Sr. alcalde que por favor conteste por que a día de hoxe non teñen a liquidación desa concesión; que se quere contestar despois pasa á segunda pregunta.

Responde o Sr. alcalde e di que proceda coa segunda pregunta.

Continúa o Sr. Chouciño Garrido coa súa intervención e di que a segunda cuestión é que estes días estivo mirando un expediente ao que pediu acceso relativo ás obras que está facendo Emalcsa no cruce da rúa Ribados coa avenida de Rutis e tamén no interior do recinto do complexo deportivo de Acea da Ma, atopándose coa sorpresa de que eles preguntaban por unha cuestión ambiental relativa ao humidal que hai alí dentro, catalogado cun plan especial da Universidade Laboral e declarado como de interese ecolóxico, atopáronse con que carece de título habilitante, o que todos coñecen como licenza urbanística, unhas obras dun calado brutal con corte de tráfico, con desvío da circulación, que entran nun recinto que non é propiedade municipal, e que non ten licenza urbanística, tendo suñado algúns parágrafos dos informes e procedendo á lectura dun deles que di "Sinalase tamén que as obras se están a executar e que se executaron uns depósitos de aridos no humidal que existe no bordo Sur-Oeste da Universidade Laboral, o que infrinxe o Plan especial da Universidade Laboral vixente", o que quere dicir que parece que el estaba no certo cando supoñía que se extraía a area procedente da construción dun pozo ao lado do

|                                                                                                                                                                    |                      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                                | Código do expediente |
| <b>USG13I00EF</b>                                                                                                                                                  | <b>USG/2019/62</b>   |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br><b>013A 2Y5X 7126 4S50 06ND</b> |                      |

humidal, e que ademais di "Na opinión do técnico que suscribe procede a inmediata suspensión e paralización das obras, sen prexuízo das responsabilidades administrativas na tramitación do expediente UME/2018/199.", que indica tamén que se precisaría autorización da Deputación provincial, titular do viario CP3107 que pasa por alí, autorización da Demarcación de Estradas do Estado de Galicia (pola AP9), tamén autorización da Xunta de Galicia, titular da Universidade Laboral, e de Augas de Galicia por ser alí a canle do Río Trabe; que ademais diso, o informe de asesoría xurídica que cita integramente o informe previo do xefe de servizo de Urbanismo, conclúe que procede ordenar a inmediata suspensión das obras de renovación das tubaxes principais de abastecemento, que se están a realizar no contorno da Universidade Laboral, sen contar co título habilitante exixible, sen prexuízo da incoación dos correspondentes expedientes de reposición da legalidade ou sancionador, no seu caso; que lles parece inconcebible que unha obra dunha empresa que maltrata a Culleredo porque ten en Almeiras un burato desde hai máis de dous anos e que sabía antes de empezar que había un problema cun cable eléctrico que lle ía impedir finalizar as obras e esa empresa, que no caso de Almeiras si tiña licenza pero empezou as obras sabendo que non ía poder concluílas, empeza agora unhas obras sen licenza urbanística que teñen unha afección superior á primeira da que falou; que curiosamente hai un informe do servizo de medio ambiente que lle pasan a asinar ao Sr. alcalde e que di que se lle dá unha autorización especial, denominación que non atopa en ningunha lexislación actual; que tendo en conta que nos informes urbanístico e de asesoría se contempla que procede depurar responsabilidades, a pregunta é que vai facer o equipo de goberno para esixir esas responsabilidades administrativas das que fala o xefe de Urbanismo e cales van ser as consecuencias de que se paralicen unhas obras que afectan a un punto moi importante da circulación do Concello, canto tempo van ter esa obra así ou, de ser o caso, se lle van mandar repoñer a situación á situación orixinal para que fagan as cousas ben e a continuación inicien o procedemento que deberían ter feito xa desde o principio, pedíndolle ao Sr. Alcalde que dea algunha contestación e que non conteste que vai responder por escrito.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. alcalde e di que con respecto á última pregunta do Sr. Chouciño Garrido efectivamente se detectou que a obra carecía de título habilitante e se procedeu á paralización da obra e a subsanación de todos os problemas que había con ese tema, que xa presentaron toda a documentación e parece que a están analizando os técnicos municipais e tan pronto como estea supervisada reanudarse a obra, crendo que se poderá reiniciar na semana próxima.

A continuación intervéñ novamente o Sr. Chouciño Garrido e lle pregunta ao Sr. Alcalde como asina unha autorización especial para esa obra sabendo que non é un título habilitante.

Responde o Sr. alcalde e di que el non asina nada que non veña avalado por un técnico e que sabe que houbo cambios na área de Medio Ambiente por xubilacións e que son expedientes que veñen xa de moi atrás, insistindo en que loxicamente unha vez detectado ese erro subsanouse da forma administrativa máis correcta e cunha perfecta coordinación entre todos os departamentos municipais.

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e di que esta situación deuse unha vez que o BNG se interesou por esa cuestión, coma se fora o BNG o que leva a disciplina urbanística do Concello de Culleredo.

Responde o Sr. alcalde e di que puidera ser que o Sr. Chouciño Garrido fora unha boa fichaxe para ese tema e que, con respecto á Garrocha, tan pronto como lle dea o informe solicitado o servizo correspondente o traerá ao Pleno pero mentras tanto non o pode traer.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Cañas Varela quen, unha vez concedido, di que teñen unha copia do escrito do Valedor do Pobo a un veciño de Culleredo onde, no seu primeiro parágrafo, lle informa do seguinte:

"O Concello de Culleredo persiste na súa actitude de non enviar a información complementaria requirida con urxencia en relación coa súa queixa. Iso sucede a pesar de que a demandamos en dúas ocasións", selado en data

41 de 42



|                                                                                    |                      |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                | Código do expediente |
| USG13I00EF                                                                         | USG/2019/62          |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)                                          |                      |
|  |                      |
| 0I3A 2Y5X 7126 4S5O 06ND                                                           |                      |

de rexistro do 22 de abril de 2019, rexistro de saída 5106/19, e que lle sorprende que unha serie de veciños teñan que convivir ou malvivir con ruidos excesivos por un problema que xa veu noutras ocasións ao Pleno e que o equipo de goberno coñece, parecéndolle de recibo contestar ao Valedor do Pobo e sen que lle guste a imaxe que ofrece o Concello de Culleredo, polo que roga se lle conteste ao Valedor do Pobo.

Continúa a súa intervención o Sr. Cañas Varela e di que o segundo é un rogo relativo a un escrito que lle presentan á atención do Sr. alcalde do Concello de Culleredo e sobre o que non vai afondar máis porque o vén de explicar o concelleiro de Cidadáns e que é sobre o problema de convivencia que sobre todo nas zonas urbanas ocasionan os cans pois é habitual atopar cans de razas perigosas soltos, moitas veces sen bozal, que é obrigatorio, habendo rúas estreitas polas que pasan os propietarios levar os cans cara aos xardíns que hai no cruce con Visitación de la Encina e que se atopan noxentas en moitas ocasións, convertidas en verdadeiros estercoleiros; que el non sabe cal será a solución e se pasa por unha boa campaña de concienciación ou se é necesario que a Policía local increpe aos infractores porque se hai un can perigoso solto e pasa unha patrulla da Policía Local e non se lle di nada aos propietarios non se está facilitando a solución.

Responde o Sr. alcalde e di que el non o pode afirmar pero non ten constancia de que a Policía Local non advirta aos infractores sobre a súa conduta pero precisamente hoxe, grazas ao apoio dos concelleiros e concelleiras do grupo socialista e de Marea que votaron a favor de continuar con este presuposto, van poder facer esa e outras campañas.

C.I.F. P-1503100-H

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e seis minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,

O Alcalde-Presidente

(asinado dixitalmente)

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA  
Secretaria Xeral  
08/05/2019 12:50



RIOBOO CASTRO,  
JOSE RAMON  
Alcalde-Presidente  
10/05/2019 10:24

